

# CONCURSO DE TARXETAS NAVIDEÑAS

## CONCELLO DE ROIS

### 2023



Tarxeta gañadora do Concurso 2022, feita por Xiana Salgueiros Chico  
do CEIP Plurilingüe O Pumar Urdilde

## OBXECTIVOS

Este concurso de tarxetas de Nadal, ademais de fomentar a creación artística, permitirá seleccionar o traballo que será reproducido na felicitación navideña institucional do Concello de Rois.

## PARTICIPACIÓN

Poderá participar no concurso todo o alumnado de educación infantil e primaria dos centros educativos do concello de Rois.

Cada concursante poderá utilizar a técnica que considere máis axeitada para o seu traballo (ilustración, fotografía, colaxe, etc.), tendo como **tamaño din A5, medio folio (15 x 21 cm)**.

Permítese a presentación de traballos en grupo. Deberán ser orixinais e inéditos.

No caso de conter texto, debe ser en lingua galega.

Os traballos presentados deben ser **feitos autonomamente** polos/as menores, agás na nova categoría f) na que si poden contar coa axuda de persoas adultas (familiares, veciños/as...).

## PRESENTACIÓN

Os traballos candidatos achegarán unha folla cos seguintes datos: nome e apelidos, curso escolar (p.ex. 1º de educación primaria) e un teléfono de contacto do/a concursante ou grupo, así como os datos do centro educativo.

Os traballos en papel serán entregados nos propios centros educativos.

O prazo de presentación finaliza o **xoves 30 de novembro (incluído)** día en que se recollerán os traballos nos centros educativos.

## PREMIOS

Entregaranse os seguintes premios:

- a) 1 premio para o alumnado 1º a 3º de educación infantil.
- b) 1 premio para o alumnado de 4º a 6º de educación infantil.
- c) 1 premio para o alumnado de 1º e 2º de educación primaria.
- d) 1 premio para o alumnado de 3º e 4º de educación primaria.
- e) 1 premio para o alumnado de 5º e 6º de educación primaria.
- f) 1 premio para traballos realizados polos/as menores coa colaboración de persoas adultas.

Dos traballos premiados decidirse o anunciador da felicitación institucional de Nadal entre os premiados nas categorías a), b), c), d) e e).

O resto dos/as participantes recibirán diploma acreditativo.

## OBSERVACIÓNS

A participación neste Concurso supón a total aceptación das súas bases e da resolución do xurado.

## **XURADO**

O xurado estará composto por mínimo tres persoas dos seguintes colectivos: un/unha representante do persoal municipal, un/unha representante do profesorado dalgún dos centros educativos e un/unha representante dalgunha das Anpas existentes.

## **CONDICIÓNS**

O concello de Rois resérvase todos os dereitos para a utilización, reprodución e difusión dos traballos premiados.

Os orixinais serán devoltos nos centros educativos á volta das vacacións de Nadal.